



Anos de vixencia	2025, 2026, 2027	PE410A 2024/29-1
Entidade	CONFRARÍA DE NOIA	
Plan de xestión	SOLENIDOS	
Réxime	RECURSO ESPECÍFICO	
Modalidade	MERGULLO EN APNEA E CON SUBMINISTRO DE AIRE DENDE SUPERFICIE	

Especies obxectivo	Navalla (<i>Ensis magnus</i>) e longueirón (<i>Ensis siliqua</i>)
Ámbito do plan	- Na costa Norte: dende a liña imaxinaria en dirección Sur que une punta Uhía e a illa da Creba ata porto Siavo, incluíndo a cara interna da illa da Creba e exceptuando a zona portuaria, a zona dos astaleiros e a canle de navegación. - Na costa Sur: dende a liña imaxinaria que une Punta Batuda con punta Uhía ata Punta Redondelo.
Subzonas de explotación	- Zona Norte: Creba I (MN-048), Freixo (MN-102) e porto Siavo (MN-103). - Zona Sur: de punta Batuda a punta Redondelo (MN-018).
Obxectivos	Ver anexo

Participantes no plan de xestión			
Número de participantes	Mariscadoras/es a pé	Embarcacións	☐ Tripulantes habilitados con dereito a cota ☒ Mergulladores
Actual		7	14
Máximo 2025		8	16
Máximo 2026		8	16
Máximo 2027		8	16
Outorgamento 2025 (no caso de ter finalizado o proceso de renovación das habilitacións)			
Número			

Calendario anual previsto de extracción											
Número probable de días de extracción						140					
Época e zona probable de extracción											
Modalidade: mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie											
xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agosto	setemb	outub	novemb	dec
X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X	X

Rotación probable de áreas (de ser o caso):													
	xan	feb	mar	abril	maio	xuño	xullo	agos	set	out	nov	dec	
Zona													

Actividade extractiva en festivos autonómicos, nacionais e sábados	Si / Non
En semana santa	Non
En decembro	Non
En supostos extraordinarios que afecten ó normal desenvolvemento do plan	Si



Topes de captura (kg/día)			
Especies	A pé (Mariscador/día)	Embarcación	☐ Tripulante con dereito a cota enrolado e a bordo ☒ Mergullador enrolado e bordo
Navalla e longueirón			15

Tamaños mínimos de extracción (de ser superior ao mínimo legal)	
Especie	Tamaño mínimo
Navalla (<i>Ensis magnus</i>)	110 mm

Horario de traballo	
A pé	
Dende embarcación	Mergullo en apnea: de 09:00 h a 14:00 h Mergullo son subministro de aire desde superficie: desde as 9:30 h ata as 13:00 h

Artes a empregar	Mergullo en apnea e con subministro de aire dende superficie
-------------------------	--

Puntos de control (situación)	Nas zonas de traballo: Punta Uía (502905/ 4736510); porto Siavo (505090/ 4738968); punta Redondelo (505719/ 4736710); punta Batuda (504854/ 4735936)
---	---

Puntos de venda autorizados	Lonxas de Ribeira e Muros e outras lonxas ou centros de venda autorizados.
------------------------------------	--

Accións de conservación, mantemento, recuperación ou mellora dos hábitats e zonas de produción	
Accións	Si / Non
Rareos e traslados	Non
Limpezas de algas	Si
Limpezas de lixo mariño	Si
Acondicionamento de substrato. Arados	Si
Sementeiras. Especies: (Navalla <i>Ensis magnus</i>)	Si
Control depredadores	Si
Control especies exóticas/invasoras.	Si
Outras actividades de semicultivo	Non

Accións de coidado, control, seguimento protección e vixilancia dos bancos marisqueiros	
Accións:	Si / Non
Accións por gardapescas	Si
Accións polas persoas mariscadoras	Si
Medidas específicas para combater practicas INDNR	(Si / Non)
Accións de control para a aplicación das medidas de explotación e conservación aprobadas pola entidade	Si
Medidas para a declaración adecuada de capturas	Si



Medidas para prever a actividade ilegal de terceiros que non pertencen a entidade	Si
Accións de diversificación da actividade marisqueira coa fórmula de turismo mariñeiro (artigos 112 e 113 da Lei 11/2008 de Pesca de Galicia)	
Accións	Si / Non
Pesca turismo	Non
Rutas guiadas	Non
Gastronomía	Non

Accións formativas para unha mellor xestión e conservación dos recursos marisqueiros Sí/ Non (indicar o que corresponda)	Non
--	-----

Renovación modalidades recursos específicos no permiso de explotación da embarcación	
Carácter das actividades	Computan para a renovación da modalidade (Si/Non)
Actividades de semicultivo (95%)	Non
Protección e vixilancia informativas (95%)	Non
Prescripcións específicas	Computan para a renovación (Si)
Non	

Consideracións:

Á vista da solicitude, da documentación achegada, dos informes técnicos emitidos, a proposta do departamento territorial e que non se presentaron alegacións, aprobase o plan de xestión presentado pola confraría de pescadores, facéndose as seguintes consideracións:

Especies obxectivo:

Inclúen o longueirón (*Ensis siliqua*) entre as especies obxecto de explotación neste plan pero non hai datos de capturas nin vendas rexistradas no AT2. Tampouco solicitan ningún tope o que semella que esta especie non ten interese neste plan.

Ámbito do plan e subzonas de explotación:

O ámbito é o mesmo que o de plans anteriores. En condicións excepcionais e consensuadas coa confraría de Muros, as embarcacións incluídas neste plan poderán traballar na enseada de Esteiro, baixo as condicións establecidas no plan da confraría de Muros.

Solicitan aumentar a superficie de bancos xa existentes e incorporar unha nova zona no plan:


- En bancos xa existentes:
 - Do banco da Creba I (MN-048):
 - Ao Norte, aumento ata o límite determinado mediante a prolongación de liña imaxinaria que une a punta do peirao da Creba con punta Uhía.
 - Ao Sur, aumento da superficie resultante da intersección da prolongación N-SE do límite actual do banco coa liña imaxinaria punta Sur de Creba con punta Batuda.
 - Do banco Punta Batuda a punta Redondelo (MN-018), a superficie correspondente á intersección da prolongación NE-SW do límite actual do banco coa liña imaxinaria punta Sur de Creba con punta Batuda.
- Nova zona denominada Caída da Misela dentro do ámbito do plan.

A solicitude baséana nun acordo asinado polos patróns maiores da confraría de Noia e Muros

en novembro de 2011 no que se delimita que a área xestionada para o plan de Noia viría determinada pola liña que une a punta Batuda coa punta Sur exterior da illa de Creba.

Respecto á dita solicitude, cómpre indicar:

- O acordo ao que aluden non está asinado polas confrarías de Porto do Son nin Portosín. As condicións de aprobación dos plans de xestión para a explotación de Solénidos da ría de Muros-Noia nas zonas de libre marisqueo (tralo plan conxunto aprobado en 2010 ás 4 entidades da ría) viñeron establecendo dende o 2011 ata a actualidade para os 3 plans de solénidos a mergullo existentes o seguinte deslinde (ver imaxe):
 - Na costa Norte entre o plan de Muros e de Noia: a liña imaxinaria que vai dende punta Uhía en dirección Sur ata a illa da Creba.
 - Na costa Sur entre o plan de Noia e o conxunto de Porto do Son-Portosín: a liña imaxinaria que vai de punta Batuda a punta Uhía.



- Nalgunha das zonas solicitadas, incumpren o deslinde da costa Sur establecido co plan conxunto de Porto do Son-Portosín.
- Non cumpren o procedemento establecido pola Circular MA-01-2024 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se ditan instrucións para a presentación de plans de xestión de recursos específicos e de algas para o trienio 2025-2027, para a modificación dos bancos solicitada así como a inclusión da nova zona, xa que aínda que definen os novos vértices, non presentan unha avaliación do recurso das zonas que pretenden incorporar (apartados 5.1.c e 5.1.d).

Tendo en conta anterior:

- Acéptase o aumento da superficie do banco da Creba I (MN-048) ao Norte, correspondente ao límite determinado mediante a prolongación de liña imaxinaria que une a punta do peirao da Creba con punta Uhía, xa que aínda que non presentan ningún punto de mostraxe de avaliación do recurso nesta superficie, a proximidade e continuidade co banco codificado permitiría a súa inclusión. Para elo deberán remitir algún punto de mostraxe que indique esta posibilidade.
- Non se aceptan por incumprir o deslinde establecido co plan conxunto de Porto do Son-Portosín:

- o aumento da superficie do banco da Creba I (MN-048) ao Sur resultante da intersección da prolongación N-SE do límite actual do banco coa liña imaxinaria punta Sur de Creba con punta Batuda, xa que ademais con esta referencia produciríase un solapamento co banco MN-049 do plan conxunto de Porto do Son-Portosín.
- o aumento da superficie correspondente á intersección da prolongación NE-SW do límite actual do banco coa liña imaxinaria punta Sur de Creba con punta Batuda do banco Punta Batuda a punta Redondelo (MN-018).
- Non se acepta a inclusión no plan da nova zona denominada Caída da Misela xa que non presentan avaliación do recurso, nin acordo con todas as entidades.

Participantes:

Na actualidade, de acordo co proceso de renovación xa finalizado, o número de embarcacións é de 7 con 14 cotas, coincidente coa lista que remiten no plan.

O plan presentado establece un número máximo de 8 embarcacións con 16 cotas para o próximo trienio, resultado do incremento dunha embarcación con 2 cotas. Non obstante, non hai consenso neste punto entre a agrupación e a xunta xeral. A decisión desta, a favor da ampliación, sepárase da proposta aprobada pola agrupación, pero ningún órgano presenta unha xustificación dos motivos de tal separación para poder valorar ambos prantexamentos.

De acordo co seguimento dos últimos 5 anos, este plan presenta unha participación real por riba do 95 % respecto da potencial, cun consumo do total de días probables nos que as embarcacións acadan as cotas máximas de captura de acordo coa CPUE media diaria. Nos controis de talla practicamente non se detectan individuos non comerciais e talla media supera os 134 mm o que indica unha axeitada selección e funcionamento dos puntos de control. En resumo, todos os indicadores amosan estabilidade da explotación no período de seguimento, incluídos os ingresos que presentan boas expectativas como resultado dun aumento do prezo medio de venda.

Por todo o anterior, mantendo as condicións de esforzo doutros parámetros, considérase que a ampliación solicitada dunha (1) embarcación con 2 cotas é asumible polo que o número máximo de participantes establécese en 8 embarcacións con 16 cotas.

Indican un número máximo de 2 habilitacións/embarcación.

Extracción en días non laborais:

Acéptase a posibilidade de realizar actividade extractiva os sábados e festivos en supostos extraordinarios que poderán autorizarse en casos debidamente xustificadas derivados de causas medioambientais, meteorolóxicas e outras que afecten o normal desenvolvemento do plan. Todo isto conforme á vixente normativa.

Cotas máximas de captura:

De acordo coa recomendación técnica, mantense a merma do 10% (1,5 kg) que xa tiñan aprobada no plan anterior de acordo co estudio realizado.

Horario:

O horario estará comprendido entre as de 9.00 h e as 14.00 h para a apnea e entre as 9:30h e as 13.00 h para o mergullo con subministro de aire.

Lembrase que o *Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo* establece no artigo 55 limitacións nos tempos máximos de exposición.

Estarase ao disposto polo departamento territorial en canto á información complementaria que requiran para as aperturas de desenvolvemento do plan de xestión.

Puntos de control:

Establecen que o punto de control estará localizado exclusivamente na zona de traballo. Deberán incluír nas solicitudes de apertura os nomes das persoas responsables e identificación da embarcación designada para realizar o control, que se encargará de controlar os topes, tallas e a verificación da devolución ó mar dos sobrantes (excesos de tope ou exemplares que non acaden a talla mínima).

Indican que o horario de funcionamento do control será durante o horario de extracción, de 9:30 h a 13:00 h. No caso da apnea, xa que non teñen puntos de control en terra, deberán adaptalo no caso de que se utilice esta modalidade.

O punto de descarga máis habitual é no Freixo. Non obstante poderán dirixirse por mar a outros portos da ría para descargar as capturas: Esteiro, Portosín, Porto do Son, Muros e Testal, para a súa venda que será no lugar inmediatamente máis próximo ao punto de descarga correspondente e no caso de venda noutra lonxa, o transporte por terra deberá ser amparado polo correspondente documento de orixe. Cando as descargas teñan lugar nun porto distinto ao Freixo, deberán indicalo ao Servizo de gardacostas e á Xefatura Comarcal de Ribeira.

Dado que a clasificación do produto a realizan na embarcación, esta clasificación realizarase o máis axiña posible para devolver o sobranse ao mar. Coa desculpa de escoller os exemplares de maior talla, acumulan a bordo un excedente inadmisíbel e aínda no hipotético caso de que o sobranse sexa devolto ao mar, unha alta porcentaxe de individuos perden vigor e non teñen a capacidade de enterrarse ou son depredados, provocando altas mortalidades. Por tanto, **en ningún momento poderá atoparse a bordo máis dun 25 % do total do tope establecido para a embarcación**, o que traerá un dobre beneficio: un sobre a cadea control-topes-trazabilidade e outro sobre o propio stock.

Deberán cumprir coas medidas para o control do esforzo pesqueiro para a técnica de mergullo con subministro de aire dende superficie que se indican na Circular MA-01-2024, sobre todo no que respecta ao precintado das capturas e á emisión do ticket nominativo a cada embarcación que pase o control:

- O punto de control deberá estar localizado na zona onde se vai a desenvolver a actividade e deberá estar constituído cando menos por unha embarcación co número de persoas necesario para garantir o seu correcto funcionamento. Con cada solicitude de apertura deberá indicarse o nome e matrícula da embarcación responsable do control así como das persoas encargadas.
- No punto de control deberá verificarse o cumprimento das cotas de capturas, tamaños mínimos, zona e tempos de permanencia na zona das diferentes embarcacións participantes. O exceso de captura con respecto ás cotas máxima autorizadas deberá ser devolto inmediatamente ao mar.

- No punto de control pesarase e precintarase o produto extraído. Emitirase un ticket nominativo especificando a data, nome da embarcación, especie e peso. Os datos recollidos no punto de control serán remitidos ao persoal técnico responsable do seguimento da explotación.

Cando se pretendan empregar as dúas técnicas de mergullo autorizadas (apnea e subministro de aire) deberá detallarse nas solicitudes mensuais de apertura o colectivo que emprega cada unha delas, as zonas, as épocas ou calquera condición que poda determinar ou uso dunha ou outra.

Ademais do indicado anteriormente, deberán ter en conta que:

- Cando se empregue o mergullo con subministro de aire dende superficie, con carácter diario e antes das 9:30 horas, a confraría deberá comunicar á xefatura comarcal de Ribeira e a base de gardacostas de Portosín, por cada equipo de traballo e zona, o listado de participantes así como a embarcación e os responsables do control.
- No caso de incumprir estas condicións, poderase non autorizar o mergullo con subministro de aire dende superficie e, de non recibir o listado antes das 9:30 horas poderase anular o día de extracción.

No caso de observarse un funcionamento ineficiente dos puntos de control, a dirección territorial poderá non autorizar a extracción ou limitala ao emprego unicamente da modalidade en apnea.

Accións de conservación, mantemento, recuperación ou mellora dos hábitats e zonas de produción:

Prevén limpeza de algas e de lixo mariño, control de depredadores e de especies exóticas/invasoras. A excepción da recollida de lixo mariño, o resto das accións están incluídas no plan de marisqueo e sempre que sexan específicas deste plan, agás as limpeza de algas, deberán realizar a solicitude correspondente onde se concretarán as zonas, metodoloxía, embarcacións participantes, etc.

A recollida de lixo mariño é coherente co obxectivo biolóxico proposto neste plan.

En canto ao control de depredadores, non se extraerán as cornetas (*Nassarius* spp.) por non ser especies depredadoras.

En canto a *Crepidula fornicata* é unha especie incluída no Catálogo español de especies exóticas invasoras establecido no Real Decreto 630/2013 de 2 de agosto, e deberían presentar autorización medioambiental de acordo co establecido no artigo 7.1. Polo tanto, para realizar estas accións a petición de control de especies invasoras que realicen ante o departamento territorial, acompañarase da autorización da consellería competente en materia de medio ambiente.

Como novidade respecto plan anterior introducen a realización de acondicionamentos do substrato mediante arados e a realización de sementeiras con semente provinte das instalacións do Freixo, para o que deberán realizar a solicitude correspondente.

Accións de coidado, control, seguimento, protección e vixilancia dos bancos marisqueiros e medidas específicas para combater practicas INDNR:

Aínda que no plan non o indican no apartado correspondente (5.2), si que serán realizadas polos propios mariscadores posto que serán os encargados do punto de control. Ademais a

confraría conta con gardapescas que realizan labores de vixilancia.

Do mesmo xeito, tampouco cobren no plan o apartado de medidas específicas para combater prácticas INDNR cando a mera existencia dos puntos de control e das labores de vixilancia dos gardapescas encaixan neste apartado.

Mergullo:

Todos os mergulladores terán que ter a tarxeta de mergullador en vigor para poder traballar no plan de xestión, de non ser así a dirección territorial podería excluílos da apertura mensual.

En todo caso para o exercicio da actividade, cumprírase coas normas de seguridade para o mergullo de extracción de recursos mariños vivos (Sección 5ª do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño, polo que se determinan as condicións de seguridade das actividades de mergullo).

Coas solicitudes de apertura deberán achegar a listaxe de embarcacións e relación de mergulladoras/es, os equipos de traballo coa relación de mergulladores e xefes de equipo e sempre que haxa cambios nos mesmos, deberán comunicarse á Subdirección xeral de gardacostas e a este departamento territorial aos enderezos pescas.sala.operacions@xunta.gal e desenvolvemento.mar.coruna@xunta.gal respectivamente.

Lémbrese que, ademais do indicado no apartado “Horario” en canto ás limitacións de tempo para cada técnica, deberán ter en conta as limitacións de profundidade para cada unha delas:

- Subministro de aire dende superficie: 12 m (artigo 1 do Decreto 64/2008, do 27 de marzo, polo que se regula a certificación profesional para a extracción de recursos específicos con técnicas de mergullo na Comunidade Autónoma de Galicia).
- Apnea: 7 m (apartado b da Disposición transitoria cuarta do Real Decreto 550/2020, de 2 de xuño).

Anexo: no se considera contido do plan de xestión, por non ser obxecto do mesmo, o anexo relativo á execución de responsabilidades na confraría das condicións de seguridade do Real Decreto 550/2020.

Remisión dos datos:

Para mellorar a xestión dos bancos e evitar situacións de sobrepesca é necesario realizar un control do esforzo pesqueiro, das capturas e das tallas. Polo tanto, os datos da explotación necesarios para o seguimento dos bancos deberán ser remitidos regularmente ao departamento territorial, de xeito que coa solicitude de apertura os técnicos deberán ter recibido os datos do mes anterior (día de extracción, nome da embarcación, número de tripulantes, quilos por especie, zona de traballo, profundidade media, tempo de mergullo).

Deberán presentar mensualmente e por embarcación as zonas concretas diarias de extracción, e non só indicación da zona norte ou sur.

Obxectivo biolóxico:

Ao igual que no plan anterior volven a dirixir o obxectivo ao longueirón vello. O longueirón vello non figura no plan e do longueirón non hai capturas rexistradas. Este erro xa se lles indicou na tramitación do plan anterior, e de novo indicámoslles que a especie obxectivo deste plan é a navalla, polo que se corrixe. O longueirón vello non figura no plan e do longueirón non hai capturas rexistradas.

Indican o valor actual en base a talla media das capturas de 2024, pero debe ser o correspondente ó último ano completo (2023) polo que se indica o valor desta anualidade e se modifican lixeiramente os obxectivos anuais acordes con este valor.

Engádese como estratexia a realización de controis de talla cunha periodicidade mínima trimestral.

Obxectivo ecolóxico:

Corríxese o valor actual, que debería corresponder ó último ano completo (2023). Non obstante, este valor con base nos valores que se indican nas anualidades do trienio non semella representativo para o obxectivo operacional, de aí que se propoña o mantemento dos valores anuais no nivel de referencia.

Recomendacións para a mellora do plan:

- Xa que non hai datos de capturas nin vendas rexistradas do lingueirón (*Ensis siliqua*) deberían excluír como especie do plan.
- Adaptar o horario do control ao rango horario de traballo admitido para a apnea ou, no seu caso, establecer puntos de control en terra para esta modalidade.
- Cubrir o apartado de "Medidas específicas para eliminar prácticas de pesca ilegais (INDNR) dado que contemplan diversas accións no plan que encaixan neste apartado.
- Realizar un seguimento técnico mínimo de capturas e esforzo (Kg, CPUE, identificación dos bancos dos que proceden as capturas, nº de embarcacións, nº de mergulladores).
- Seguimento de ingresos e prezo de venda.
- Controis de tallas cunha periodicidade mínima trimestral.

Anexo

Obxectivos biolóxicos:

Especies	Obxectivo Xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Valor actual	Valor 2025	Valor 2026	Valor 2027	Nivel referencia 2025-27
Navalla (<i>Ensis magnus</i>)	Incrementar/manter a calidade das capturas	Incrementar/manter o tamaño dos exemplares capturados	Tamaño medio dos exemplares capturados	Lonxitude	mm	134,9	135	135	135	144,63 (2020)

Estratexias a adoptar para acadar os obxectivos

Para manter a talla media das capturas manterase o tamaño mínimo por enriba da esixida na normativa. O tamaño mínimo na normativa está en 100 mm, no plan será de 110 mm, a cal xa se estableceu en 2022. Realizaranse controis de tallas como mínimo trimestralmente.

Obxectivos ecolóxicos:

Bancos	Obxectivo Xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Valor actual	Valor 2025	Valor 2026	Valor 2027	Nivel referencia 2025-27
Todo o ámbito do plan	Controlar a presenza de lixo mariño	incrementar/Manter o esforzo de limpeza de lixo mariño	Tratamento de lixo mariño	Porcentaxe de días de extracción nos que se retira lixo mariño	%	1	11	11	11	11

Estratexias a adoptar para acadar os obxectivos

Reportarase diariamente se se atopa lixo ou non polos xefes de equipo, documentado con fotografías ao foro telefónico que se envían os partes diarios da asistencia técnica. Retirarase o lixo mariño que se atope en cada xornada de extracción sempre que se poda levar a bordo doadamente por unha persoa, non interrompa a xornada de traballo e non signifique máis tempo de inmersión. Rexistro fotográfico do lixo mariño e a data e estima do volume. A media de días do plan 2022-2024 foi de 6 %. No 2022 6 % (10 de 140), 2023 1 % (1 de 140) e 2024 foi 11 % (13 días reportados de 120 días de extracción). O total do volume en días de extracción foi de 194.16 litros ao que hai que sumar os quilos do proxecto Econoia do plan Mar limpo da Consellería do Mar, con 4 xornadas de traballo e 4.709 kg retirados.

Anexo (continuación)

Obxectivos socioeconómicos:

Obxectivo Xeral	Obxectivo operacional	Indicador	Variable	Unidades	Valor actual	Valor 2025	Valor 2026	Valor 2027	Nivel referencia 2025-27
Manter a asistencia á extracción de navalla	Manter a proporción entre asistentes diarios e autorizados	Proporción entre asistentes diarios e autorizados	% embarcacións asistentes	%	6,28	6,28	6,28	6,28	7

Estratexias a adoptar para acadar os obxectivos

As vendas realizaranse na lonxa próxima con maior demanda e que permita acadar un maior prezo medio de venda. Actualmente é en Ribeira e en casos puntuais, Muros. Poñer un prezo mínimo de referencia.